

## BANDO

Ao longo do termo municipal existen moitos **POZOS ABANDONADOS** situados en fincas particulares ou a carón de camiños destinados orixinarimente a tarefas agrícolas e que agora se atopan abandonados. Como consecuencia dese abandono os pozos atópanse cubertos de maleza o que supón un gran perigo para as persoas e animais, ao non ser identificables dentro do terreo, o que pode provocar accidentes tal e como, de feito, ten sucedido.

Diante da situación exposta esta Alcaldía, **REQUÍRELLES** aos **propietarios dos terreos** nos que haxa a presenza de **pozos sen sinalizar –en especial os situados nas proximidades de camiños e en fincas abertas sen valados de peche-**, a que procedan á maior brevidade posible á súa **limpeza e sinalización, ou á súa eliminación**, para evitar situacións de perigo para as persoas ou animais que poidan caer dentro deles.

Toén, 2 de xaneiro de 2012

O alcalde

Amancio A. Cid Pérez



Concello de Toén